



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

ANEXO

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS DO CONCELLO DE CARBALLEDO COMPOSTA POR 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN- CONDUCTOR E 3 PEÓNS DE BRIGADA. ANO 2016.-

1. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Carballedo, (1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN-CONDUCTOR E 3 PEÓNS DE BRIGADA), no marco do "Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballedo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de Prevención e Defensa".

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

Os traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias. As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

1. Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
2. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

2.1 Requisitos xerais:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españoles e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuge, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que viven ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumplidos os dezaoito anos de idade e non ter cumplido a idade máxima de xubilación.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

- c) Posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- e) Non estar incuso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- f) Estar inscrito como demandante de emprego nas Oficinas do Servizo Galego de Colocación. Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumplir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

2.2 Requisitos específicos:

A) XEFE DE BRIGADA:

- Estar en posesión dalgunhas das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballo Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Posuér o permiso de conducir clase B

B) PEÓN-CONDUCTOR

- Posuér o permiso de conducir clase B

3. PROCEDIMENTO DE PRESELECCIÓN

O Concello de Carballedo solicitará os aspirantes na oficina de emprego de Chantada mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados a tal efecto, facendo referencia aos requisitos que deban reunir os traballadores que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no convenio que se asine coa Consellería de Medio Rural, en virtude do cal se realizarán as contratacións.

Recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto ofertado, para finalmente proporcionar ao Concello de Carballedo a listaxe dos candidatos.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballido) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballido.e.telefonica.net

Coa documentación remitida polo Servizo Galego de Colocación, entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Unha vez recibido polo Concello, a listaxe dos aspirantes que houberan resultado preseleccionados por reunir os requisitos esixidos na devandita oferta, se lles requirirá aos candidatos preseleccionados para que comparezan nas oficinas municipais no prazo máximo de 4 días naturais, aos efectos de presentar instancia (cuxo modelo se adjunta no Anexo I) no rexistro xeral do Concello, así como a documentación precisa para a participación no/s proceso/s selectivo/s.

A instancia acompañarase de:

- Fotocopia compulsada do DNI**
- Acreditación dos méritos baremables conforme aos criterios de selección** establecidos nas presentes bases, mediante copias compulsadas dos certificados ou títulos válidos para a acreditación dos mesmos.
- Copia cotexada do título** ou declaración ou certificado de estar en condición (antes da finalización do prazo para a presentación de instancias) de obtelo título esixido nas bases para a praza.
- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario** do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial,
- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade,**
- **Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo**, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.

4. DURACIÓN

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado.

5. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos e entrevista curricular.

Fase de Concurso:

- A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

I Por experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría. (MÁXIMO 3 puntos)

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira: 0,20 puntos/mes; acreditarse mediante certificación da Administración correspondente ou copia compulsada do/s contrato/s, ou vida laboral.

b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira na empresa privada: 0,15 puntos/mes; certificación da Empresa ou copia compulsada do/s contrato/s e vida laboral.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballido) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

II. Formación previa. Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. (Ata un máximo de 2,5 puntos)

Con duración de ata 30 horas..... 0,10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0,20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

III. Por acreditar o coñecemento da lingua galega, a nivel de iniciación ou perfeccionamento: 0,50 e 1 punto, tendo en conta que só puntuará un deles, o de maior puntuación.

IV. Por dispor de mais permisos de conducir:...0,25 ptos por cada un deles. (Máximo 0,50 puntos)

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación en formación previa.

Se continua o empate acudirse ó sorteo público entre os aspirantes.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Fase de Entrevista CURRICULAR

A puntuación máxima da Fase de Entrevista será de 3,00 puntos

Trátase dunha entrevista persoal de carácter curricular cuxo fin estriba en valorar a adecuación dos candidatos respecto das funcións a desempeñar. Consistirá na realización dunha entrevista cuxa duración máxima será de 15 minutos, na que se valorará, atendendo a criterios obxetivos de mérito e capacidade, a iniciativa e interese no desempeño das funcións do posto solicitado, sempre en relación cos méritos aportados polos aspirantes previamente valorados na fase do concurso.

6. TRIBUNAL SELECCIONADOR

Os Tribunais das distintas probas selectivas designaranse de conformidade ó estipulado no artigo 60 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Publico e no artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se aproban as Regras Básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos Funcionarios da Administración Local, e a súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade de todos os membros e determinarase nas bases específicas de cada unha das convocatorias. A designación nominal dos membros do tribunal incluirá a dos respectivos suplentes e farase pública nas mesmas resolucións da alcaldía polas que se aproben as listas provisionais ou definitivas de aspirantes admitidos e excluídos a cada proceso selectivo, a través de anuncio no taboleiro do concello. Os tribunais estarán constituídos por un número impar, nunca inferior a cinco, e tenderase, asemesmo, para a súa composición, a paridade entre muller e home.

6ª.2.- Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28.2 da Lei 30/1992,



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballido) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballido.e.telefonica.net

de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

6º.3.- O Presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no apartado anterior. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran ditas circunstancias.

6º.4 Todos os vocais do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza ou prazas que se convoquen.

6º.5 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presencia alomenos de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou de quien legalmente os substitúa.

6º.6. Todos os membros dos tribunais cualificadores que se formen para xular as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, agás o secretario que actuará con voz e sen voto.

6º.7. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se debe de facer nos casos non previstos.

6º.8 O Tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballois de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes. Os devanditos asesores actuarán con voz e sen voto, e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas que fixeron necesaria ou conveniente a súa colaboración co respectivo tribunal.

6º.9 As decisións dos tribunais cualificadores adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

7. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón), en dita resolución fixarase a data e hora para a realización da fase de entrevista curricular, para xeral coñecemento dos candidatos.

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello. O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro do Concello.

O traballador seleccionado estará obrigado a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia, nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Carballido.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a. Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obligatorio, aínda que os componentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

8. BOLSA DE TRABALLO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2016.

9. CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

10. RETRIBUCIÓNNS. O salario bruto mensual por todos os conceptos retributivos incluído o prorrato das extras será o seguinte:

Segundo Convenio que se asine coa Consellería do Medio Rural.

11. RECURSOS.

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste proceso.

Carballedo, 15 de xuño de 2016.

O alcalde,



Asdo.- D. Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS A (1/1/3) PRAZAS DE (XEFE DE BRIGADA/PEÓN-CONDUCTOR/PEÓNS DE BRIGADA) DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NOME	DNI
TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNNS	
MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO	

DECLARO:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 3) Que autorizo ó Concello de Carballedo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO: Ser admitido no proceso selectivo achegando ao presente escrito os méritos para seren valorados.

En Carballedo, a de de 2016.

Asdo.:.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

Copia compulsada do Título esixido.

(Copia compulsada do carnet de conducir clase B.)

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achenque)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

DECLARACIÓN XURADA.

D/D^a....., con DNI nº e domicilio a efectos de notificación en en relación as bases aprobadas polo Concello de Carballedo mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2016 para a selección de un traballador para o posto de como persoal laboral temporal,

Declaro baixo xuramento:

- Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órgano constitucional ou estatutario da Comunidade Autónoma.
- Que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
- Que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Que non padezo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo, así como que reúno as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo

Carballedo, de de 2016.

Asdo.: